



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Recursos Humanos

*Rectificación base cuarta de dúas prazas de peón (OEP 2019)*

##### ANUNCIO

##### Rectificación BASE CUARTA. 2 prazas de Peón (OEP2019)

O día 24/08/2020 por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi apróbanse as bases específicas que rexerán a convocatoria para a cobertura mediante o sistema de oposición, en quenda libre, de dúas (2) prazas de Peón vacantes no cadro de Persoal do Concello de Ferrol.

As bases foron publicadas no BOP núm. 169, de 6 de setembro de 2021.

Por resolución de data 15/09/2021, e por mor dun erro detectado na BASE CUARTA acórdase a súa modificación, pasando a quedar redactada do seguinte xeito:

##### “CUARTA.-Presentación de instancias

As persoas interesadas en participar deberán presentar, segundo o modelo que se anexa, as instancias dirixidas ao señor Alcalde no Rexistro Xeral do Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de vinte (20) días naturais dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As persoas participantes farán constar os seus datos persoais e deberán manifestar, expresamente, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na BASE TERCEIRA na data de remate do prazo de presentación.

As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Achegarase á solicitude:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- Copia do certificado de galego CELGA I ou equivalente que acredite o coñecemento da lingua galega, aos efectos da exención de realización da proba correspondente.
- Xustificante de pago da taxa por dereito de exame ou, no seu caso, certificado do SEPE de estar en situación de desemprego.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 17 de setembro de 2021

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi

María Teresa Deus Trasobares